



## RESOLUCIÓN DE MODIFICACIÓN DE CRITERIOS CENSO ELECTORAL FEDERACIÓN GALEGA DE BAILE DEPORTIVO

### ANTECEDENTES

1.- O 24 de febreiro de 2023, esta Secretaría recibiu solicitude da Federación de Baile Deportivo na que alega que se precisa dunha modificación do criterio empregado para a elaboración do censo electoral de entidades deportivas, co obxectivo de ampliar o número de entidades deportivas.

2.- En concreto, a modificación ten como finalidade promover a participación do tecido asociativo de clubs no primeiro proceso electivo desta federación creada o 9 de novembro de 2022.

3.- A normativa aplicable esixe para ser unha entidade deportiva incluída no dito censo, segundo o artigo 8 do Decreto 16/2018 e artigo 6.1.b do Regulamento Electoral, dous requisitos:

- Inscripción desde o mes de xaneiro dos dous anos anteriores ao de celebración das eleccións na federación correspondente e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

- Participación desde o mes de xaneiro dos dous anos anteriores ao de celebración das eleccións, alomenos, nunha competición deportiva oficial en cada tempada. No caso de que, por causa de forza maior, non se tivesen realizado competicións deportivas oficiais no período indicado anteriormente, abondará con ter participado nunha competición deportiva oficial na tempada do último calendario oficial desenvolvido.

3.- A Federación refire na súa solicitude que o censo provisional, despois da aplicación destes requisitos, está composto por 17 clubs, mentres que na acta fundacional, asinaron un total de 36 entidades e propoñen conceder un prazo extraordinario de 3 meses, para que calquera club inscrito no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia, e coa modalidade de Baile Deportivo incluído nos seus estatutos, poda realizar os trámites para federarse e participar no proceso.

2.- O 27 de febreiro de 2023, trasladouse o expediente ao Comité Galego de Xustiza Deportiva, para que, tal e como dispón a Disposición Adicional 4ª do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, informe sobre a oportunidade e legalidade dunha modificación dos criterios recollidos no regulamento electoral.

3.- O 27 de febreiro de 2023, O CGXD emitiu informe favorable á dita modificación, no que sinala que queda xustificada e acreditada a procedencia de exceptuar certos requisitos para a inclusión no censo electoral do maior número de entidades e persoas baixo criterios obxectivos, coa finalidade, tal e como establece a disposición adicional cuarta, de facilitar a democratización e a participación maioritaria.





O informe confirma que a concreción deses criterios de inclusión no censo, proposta pola Federación (entidades inscritas no Rexistro Galego de Entidades Deportivas e que estean federadas á entidade, sen esixir unha antigüidade concreta), corresponden a criterios obxectivos e responden aos principios xa mencionados de cara a abrir as eleccións ao maior número de electores, neste caso, entidades deportivas, que sexa posible e informa favorablemente a excepcionalidade solicitada.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Segundo o disposto na Disposición Adicional Cuarta do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, do 23 de decembro: "a Secretaría Xeral para o Deporte poderá aprobar, logo de informe do Comité Galego de Xustiza Deportiva, cambios nalgún dos criterios contidos no presente decreto cando se aprecie imposibilidade ou grave dificultade do seu cumprimento".
2. A Disposición derradeira primeira do Decreto faculta á Secretaria Xeral para o Deporte para adoptar os acordos e ditar as resolucións precisas para a aplicación deste decreto.
3. O artigo 17.4. de dito Decreto establece que é a Secretaría Xeral para o Deporte a competente para a aprobación definitiva do calendario electoral.
4. A resolución aprobatoria do regulamento electoral pola Secretaría Xeral para o Deporte esgotará a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

De conformidade con todo o indicado, este Secretario Xeral

## Resolve

1.- Aprobar unha modificación do criterio para a inclusión no censo electoral, estamento de entidades deportivas, nos seguintes termos:

1º Inscripción no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

2º Que nos seus estatutos figure a práctica da modalidade de Baile Deportivo e de Competición e estean federados na Federación Galega de Baile Deportivo.

2.- Modificar o artigo 6.1.b do regulamento electoral, que pasa a ter a seguinte redacción:

### **Artigo 6. Das persoas electoras e elixibles á Asemblea Xeral.**

1. Poderán ser persoas electores e elixibles á asemblea xeral:





a) No estamento de entidades deportivas, as que reúnan os seguintes requisitos:

1º Inscripción no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

2º Que nos seus estatutos figure a práctica da modalidade de Baile Deportivo e de Competición e estean federados na Federación Galega de Baile Deportivo.

Ademais dos anteriores requisitos, comúns para ser elector e elixible, non serán elixibles as entidades deportivas filiais ou dependentes que teñan esta consideración segundo os estatutos ou normas da federación correspondente. A efectos electorais equipararanse a estas entidades as que, a pesar de ter estruturas independentes, compartan a lo menos un 50% das súas licenzas.

3.- Ordenar á xunta electoral e á Comisión Xestora da Federación Galega de Baile Deportivo difundir a presente resolución e, en todo caso, publicala na páxina web da federación na sección de procesos electorais e no taboleiro de anuncios da sede federativa, xunto co regulamento selado modificado que se achega coa presente resolución.

4.- Abrir un prazo extraordinario de tres meses desde o día seguinte á notificación desta resolución para a elaboración dun novo censo do estamento de entidades deportivas da Federación Galega de Baile Deportivo.

5.- Ordenar á xunta electoral e á Comisión Xestora da Federación Galega de Baile Deportivo a confección dun novo calendario electoral, que será remitido á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación.

Santiago de Compostela,  
O secretario xeral para o Deporte.  
José Ramón Lete Lasa.

